

CONCELLO DE PADERNE

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CORTA, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA PROCEDENTE DE TALA

Artigo 1.- Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto garantir a preservación do medio ambiente, a seguridade viaria e a conservación dos camiños, pistas rurais, cunetas, pontes, canalizacións, sinais e demais bens e infraestruturas municipais, regulando as condicións municipais das operacións de corta, saca, depósito, carga e transporte de madeira procedente de tala que afecten ou poidan afectar ao viario municipal do Concello de Paderne.

Artigo 2.- Comunicación previa municipal.

2.1. Para garantir a preservación do medio ambiente, a seguridade viaria e a conservación dos camiños e pistas rurais, e sen prexuízo da necesaria obtención doutros permisos, autorizacións, declaracións responsables ou títulos habilitantes sectoriais, establécese a obrigatoriedade de presentar comunicación previa municipal para a realización de operacións de corta, saca, depósito, carga ou transporte de madeira que afecten ou poidan afectar ao viario municipal do Concello de Paderne.

2.2. A comunicación previa municipal terá por finalidade permitir ao Concello comprobar o estado previo das vías municipais afectadas, ordenar as condicións de uso do dominio público municipal, esixir a constitución da correspondente fianza e garantir a reparación dos danos que poidan producirse.

2.3. Esta comunicación previa municipal non substitúe nin exime da obtención da autorización forestal, declaración responsable ou calquera outro título habilitante que resulte esixible perante a Administración autonómica ou outros organismos sectoriais competentes.

2.4. A comunicación deberá presentarse con carácter previo ao inicio dos traballos e deberá conter, cando menos, os seguintes datos e documentación:

- a) Identificación da persoa física ou xurídica responsable da actuación.
- b) Identificación da empresa encargada da corta, saca, depósito, carga ou transporte.
- c) Especie de madeira obxecto da actuación.
- d) Comunicación, declaración responsable, autorización ou título habilitante forestal outorgado ou presentado ante o órgano competente da Xunta de Galicia, cando resulte esixible.
- e) Identificación da parcela afectada e referencia catastral.
- f) Identificación do lugar de depósito e das vías municipais que se van utilizar.
- g) Identificación dos vehículos, maquinaria e empresas que interveñan nas operacións.
- h) Xustificante da constitución da fianza prevista nesta ordenanza.
- i) Data de inicio e duración estimada dos traballos.
- j) De ser o caso, reportaxe fotográfica do estado previo das vías municipais afectadas.

2.5. A comunicación previa será presentada cada vez que estea previsto realizar unha corta, saca, depósito, carga ou transporte de madeira e para cada parcela ou monte. Poderase presentar unha soa comunicación para varios montes ou parcelas cando estes estean localizados na mesma zona, os traballos vaian ser realizados simultaneamente e se utilicen os mesmos camiños e vías municipais.

2.6. A presentación da comunicación previa municipal permitirá o inicio das operacións comunicadas desde o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades municipais de comprobación, control e inspección, e sempre que a persoa comunicante dispoña das autorizacións, declaracións responsables, comunicacións ou títulos habilitantes sectoriais que resulten esixibles.

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato ou documentación incorporada á comunicación, así como a non presentación da documentación requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar coa actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades que procedan.

2.7. No caso de que resulte esixible autorización forestal, declaración responsable, comunicación ou calquera outro título habilitante sectorial, non poderán iniciarse os traballos ata que este se atope validamente presentado ou obtido, segundo proceda, baixo a responsabilidade da persoa comunicante.

Artigo 3.- Reparación de danos e fianza.

3.1. Sen prexuízo do cumprimento da lexislación urbanística, forestal, ambiental, de tráfico, de seguridade viaria e demais normativa ou ordenanzas que poidan resultar de aplicación, a persoa ou empresa responsable da actuación estará obrigada á reparación inmediata dos deterioros producidos no viario ou nas infraestruturas anexas, así como á retirada dos restos procedentes das operacións de depósito, carga e transporte de madeira.

3.2. A persoa responsable deberá comunicar ao Concello, de xeito inmediato, os danos que puidese ocasionar ao dominio público viario, así como os danos existentes con carácter previo á realización da actividade, co fin de deslindar a súa responsabilidade.

3.3. A persoa ou empresa responsable da actuación deberá constituír fianza, por calquera dos medios admitidos pola lexislación vixente, polos importes que se indican no apartado seguinte, para responder dos deterioros que poidan producirse no viario ou nas infraestruturas municipais, dos gastos de limpeza ou retirada de restos, e dos danos e prexuízos derivados da actividade.

3.4. Establécense dúas modalidades de fianza:

a) Fianza puntual para a realización dun único traballo: 4.000,00 euros.

b) Fianza xenérica anual para múltiples actuacións: 8.000,00 euros.

3.5. A fianza xenérica anual terá unha vixencia máxima dun ano, contado desde a data da súa constitución ou, no caso de aval ou seguro de caución, desde a data na que produza efectos. A súa renovación requirirá a presentación dunha nova garantía ou a acreditación expresa da prórroga da existente antes do seu vencemento.

3.6. A constitución da fianza xenérica anual non exime da presentación da comunicación previa correspondente a cada actuación. En cada comunicación deberán identificarse, cando menos, as parcelas afectadas, as datas previstas, as empresas e vehículos intervinientes, as zonas de depósito e as vías municipais que se van utilizar.

3.7. A fianza xenérica anual poderá cubrir simultaneamente un máximo de dúas actuacións que non fosen declaradas rematadas e comprobadas polos servizos municipais. Para a realización de actuacións adicionais deberá acreditarse a finalización dalgunha das anteriores ou constituírse unha garantía complementaria. Cada actuación seguirá suxeita á correspondente comunicación previa individualizada.

3.8. Cando, polas características dunha actuación concreta, polo volume de madeira, a tonelaxe dos vehículos, o estado previo das vías, a lonxitude do percorrido municipal ou o especial risco para as infraestruturas, a fianza xenérica anual resulte insuficiente, o Concello poderá esixir, mediante resolución motivada, unha garantía complementaria proporcionada ao risco estimado.

3.9. Se a fianza xenérica anual fose executada total ou parcialmente, a persoa ou empresa titular deberá repoñela ata o seu importe íntegro no prazo de dez días hábiles desde a notificación do correspondente requirimento. Mentres non se produza a reposición, non poderán iniciarse novas actuacións ao abeiro da dita fianza.

3.10. A fianza terá natureza de garantía para responder dos danos que se poidan causar no viario, camiños, cunetas, pontes, canalizacións, sinais ou demais bens municipais, así como dos gastos de limpeza ou retirada de restos. A súa constitución non exime da obriga de reparar a totalidade dos danos causados cando o seu importe exceda da garantía depositada.

3.11. No caso de que nas operacións de depósito, carga ou transporte interveñan vehículos ou empresas distintas da empresa encargada da corta ou actuación principal, deberán quedar incluídas na fianza constituída pola persoa responsable ou constituír fianza propia. En caso contrario, a persoa ou empresa responsable da actuación responderá directamente dos danos ocasionados nas vías públicas municipais ou a terceiros como consecuencia das operacións realizadas.

3.12. A cancelación e devolución da fianza xenérica anual só procederá unha vez finalizado o seu período de vixencia e logo da comprobación polos servizos municipais de que remataron todas as actuacións comunicadas,

que non existen danos pendentes de reparación, restos que retirar, expedientes en tramitación nin responsabilidades económicas pendentes. A garantía manterase vixente ata que o Concello autorice expresamente a súa cancelación.

3.13. A devolución da fianza puntual realizarase logo de comprobación polos servizos municipais de que a actuación comunicada rematou, de que non se produciron danos ou de que estes foron debidamente reparados, e sempre que non existan responsabilidades pendentes derivadas da actividade comunicada.

Artigo 4.- Prohibicións específicas.

4.1. Prohíbese o almacenamento de madeira nas vías públicas e o vertido dos residuos procedentes das operacións reguladas na presente ordenanza en lugares non autorizados expresamente para iso.

4.2. Os depósitos de madeira, rolla, ramas ou podalla non poderán invadir a zona de circulación de vehículos ou persoas, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, bueiros, canalizacións, pontes ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ao viario, nin supoñer risco para os usuarios da vía.

4.3. Deberán adoptarse as medidas oportunas para que as vías municipais polas que se realice o transporte da madeira estean en todo momento libres de ramas, podalla, barro ou calquera outro elemento que supoña risco para os usuarios da vía. Se como consecuencia do incumprimento desta obriga se producen danos a terceiros, responderase de conformidade co establecido nesta ordenanza e na normativa aplicable.

4.4. Prohíbese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais queden ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados. Os residuos asimilables aos urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal adecuado. Os residuos industriais, especialmente aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

Artigo 5.- Execución da fianza e medidas provisionais.

5.1. A persoa ou empresa responsable da actuación estará obrigada á reparación inmediata dos deterioros producidos no viario ou nas infraestruturas anexas, así como á retirada dos restos procedentes das operacións de depósito, carga e transporte de madeira.

5.2. Previo requirimento á persoa responsable para que proceda á reparación, corrección ou retirada dos restos no prazo que se lle outorgue, con apercibimento de execución subsidiaria, o Concello poderá realizar con cargo á fianza as operacións necesarias cando aquela non cumpra voluntariamente, sen prexuízo da sanción que proceda e do exercicio das accións oportunas para resarcirse dos custos cando non quedasen totalmente cubertos pola fianza. En casos de risco para a seguridade viaria, perigo para as persoas ou deterioración grave do dominio público municipal, o Concello poderá actuar de forma inmediata, sen prexuízo da posterior audiencia e liquidación que proceda.

5.3. O persoal municipal competente poderá realizar actuacións de comprobación, inspección e informe, así como propoñer ao órgano competente a adopción das medidas provisionais que resulten necesarias para evitar a continuidade do dano ocasionado pola actividade presuntamente infractora, de conformidade co artigo 56 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e demais normativa aplicable.

5.4. As medidas provisionais serán adoptadas mediante resolución motivada polo órgano competente e deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas nos termos previstos na normativa de procedemento administrativo común.

5.5. O Concello poderá denegar a devolución da fianza ou esixir a constitución dunha nova garantía suficiente cando existan danos pendentes de reparación, débedas vencidas, líquidas e esixibles ou responsabilidades económicas derivadas de expedientes tramitados ao abeiro desta ordenanza.

Artigo 6.- Réxime sancionador municipal e normativa sectorial aplicable.

Sen prexuízo do réxime sancionador sectorial aplicable en materia de montes, aproveitamentos forestais, prevención e defensa contra incendios forestais, protección ambiental, residuos, seguridade viaria ou calquera outro que resulte de aplicación, as infraccións previstas nesta ordenanza sancionaranse cos límites establecidos nos artigos 139 a 141 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Cando os feitos puidesen constituír infracción prevista na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ou na normativa estatal de montes, darase traslado ao órgano autonómico competente, sen prexuízo das competencias municipais que, de

ser o caso, correspondan en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable conforme á normativa de incendios forestais.

Artigo 7.- infraccións.

7.1. Para os efectos da presente ordenanza, será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, prohibicións e requisitos establecidos nela.

7.2. As infraccións á presente ordenanza clasifícanse en moi graves, graves e leves.

7.3. Son infraccións moi graves:

- a) Os feitos tipificados como infracción grave cando a perturbación ou os danos causados a elementos de titularidade pública municipal revistan especial gravidade ou relevancia.
- b) A reincidencia en dúas infraccións graves. Entenderase que existe reincidencia cando se cometan dúas infraccións graves no prazo dun ano, contado desde a data na que adquiriu firmeza a resolución sancionadora.

7.4. Son infraccións graves:

- a) A realización das operacións de corta, saca, depósito, carga ou transporte de madeira sen presentar a comunicación previa municipal prevista no artigo 2 ou falseando os datos que nela consten.
- b) A realización das operacións de corta, saca, depósito, carga ou transporte de madeira sen ter constituída a fianza prevista no artigo 3.
- c) A non reparación inmediata dos deterioros producidos no viario ou nas infraestruturas anexas, así como a non retirada dos restos procedentes das operacións de depósito, carga e transporte de madeira.
- d) O incumprimento da obriga de incluír na fianza as empresas ou vehículos que interveñan nas operacións, ou de constituír fianza propia cando proceda.
- e) O depósito de madeira nas vías públicas ou o vertido dos residuos procedentes das operacións reguladas nesta ordenanza en lugares non autorizados expresamente para iso.
- f) Os depósitos de madeira, rolla, ramas ou podalla que invadan a zona de circulación, menoscabem a funcionalidade das cunetas, bueiros, canalizacións, pontes ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ao viario, ou supoñan risco para os usuarios da vía.
- g) A non adopción das medidas necesarias para que as vías municipais polas que se realice o transporte da madeira estean libres de ramas, podalla, barro ou calquera outro elemento que supoña risco para os usuarios da vía.
- h) A obstrución da acción inspectora ou investigadora do persoal municipal.
- i) A reincidencia en dúas infraccións leves. Entenderase que existe reincidencia cando se cometan dúas infraccións leves no prazo dun ano, contado desde a data na que adquiriu firmeza a resolución sancionadora.

7.5. Son infraccións leves:

- a) Con carácter xeral, calquera incumprimento do contido da presente ordenanza non cualificado como grave ou moi grave.

Artigo 8.- Prescrición das infraccións e sancións.

8.1. As infraccións previstas na presente ordenanza prescribirán nos seguintes prazos:

- a) As infraccións moi graves, aos tres anos.
- b) As infraccións graves, aos dous anos.
- c) As infraccións leves, aos seis meses.

8.2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a infracción se cometese.

8.3. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á persoa presuntamente responsable.

8.4. As sancións impostas pola comisión de infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por infraccións graves aos dous anos e as impostas por infraccións leves ao ano. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impoña a sanción ou transcorrese o prazo para recorrer.

Artigo 9.- Sancións.

9.1. As infraccións previstas nesta ordenanza sancionaranse, salvo que os feitos constitúan infracción sectorial sancionable conforme á normativa específica aplicable, coas seguintes multas:

- a) As infraccións leves, con multa de ata 750,00 euros.
- b) As infraccións graves, con multa de 750,01 euros ata 1.500,00 euros.
- c) As infraccións moi graves, con multa de 1.500,01 euros ata 3.000,00 euros.

9.2. A imposición da sanción entenderase sen prexuízo da obriga de repoñer os bens afectados ao seu estado anterior e de indemnizar os danos e perdas causados ao Concello ou a terceiros.

9.3. Para a gradación das sancións atenderase aos seguintes criterios:

- a) A natureza do risco ou dano ocasionado.
- b) A súa repercusión e transcendencia respecto do prexuízo causado.
- c) O custo de restitución.
- d) A existencia de intencionalidade, reiteración ou reincidencia.
- e) O atraso inxustificado na reparación dos elementos danados.

Artigo 10.- Procedemento sancionador.

10.1. Os procedementos inicianse de oficio por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa, como consecuencia de orde superior, a petición razoada doutros órganos ou por denuncia.

10.2. O exercicio da potestade sancionadora prevista nesta ordenanza requirirá a incoación e instrución do correspondente expediente administrativo de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 25 a 31 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

10.3. O persoal municipal competente poderá formular denuncias ou informes polos incumprimentos da presente ordenanza. A instrución dos procedementos sancionadores levarase a cabo por un funcionario ou funcionaria do Concello de Paderne, sen prexuízo das regras de abstención e recusación que resulten aplicables.

10.4. A competencia para a incoación e resolución dos procedementos sancionadores previstos nesta ordenanza corresponderá á Alcaldía, sen prexuízo das delegacións que resulten procedentes conforme á normativa de réxime local.

Artigo 11.- Obriga de repoñer e indemnizar os danos.

11.1. Sen prexuízo da sanción administrativa que se impoña, quen infrinja a presente ordenanza terá a obriga de repoñer e restaurar as cousas ao ser e estado anteriores á infracción cometida, así como de indemnizar os danos e prexuízos causados, na forma e condicións establecidas polo órgano que impoña a sanción. A tal fin, a resolución sancionadora determinará o contido desta obriga, así como o prazo para a súa execución.

11.2. A prescrición de infraccións e sancións non afectará á obriga de repoñer ou restaurar as cousas ao seu ser e estado primitivo, nin á de indemnizar polos danos e prexuízos causados.

Artigo 12.- Persoas responsables.

Serán responsables das infraccións previstas nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas que realicen, ordenen, promovan ou se beneficien das operacións de corta, depósito, carga, saca ou transporte de madeira, así como as empresas madeireiras, transportistas, contratistas ou subcontratistas que interveñan materialmente nelas, de acordo co seu grao de participación e culpabilidade.

Cando non sexa posible individualizar o grao de responsabilidade de cada interveniente, estarase ao que resulte do expediente tramitado, sen prexuízo da obriga de reparación dos danos causados ao dominio público municipal.

Artigo 13.- Anexos.

A comunicación previa municipal presentárase mediante o modelo incorporado como Anexo I desta ordenanza, sen prexuízo de que o Concello poida actualizar os modelos normalizados de solicitude ou comunicación para a súa adaptación técnica, administrativa ou normativa, sempre que non se altere o contido esencial da ordenanza.

Disposición derogatoria única.

Queda derogada expresamente a Ordenanza municipal reguladora da corta, depósito, carga e transporte de madeira procedente de tala, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 291, do 21 de decembro de 2000, así como cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente ordenanza.

Disposición final única. Entrada en vigor.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorrido o prazo previsto nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I**COMUNICACIÓN PREVIA MUNICIPAL PARA OPERACIÓN DE CORTA, SACAR, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA****1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE / RESPONSABLE DA ACTUACIÓN**

Nome e apelidos / Razón social	_____
NIF	_____
Enderezo	_____
Código postal e municipio	_____
Teléfono e correo electrónico	_____
Actúa en calidade de	☐ Propietario/a da parcela ☐ Empresa madeireira ☐ Representante ☐ Outro: _____

2. DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE, SE É O CASO

Nome e apelidos / Razón social	_____
NIF	_____
Enderezo	_____
Teléfono e correo electrónico	_____
Documento acreditativo da representación	☐ Achégase ☐ Non procede

3. DATOS DA EMPRESA ENCARGADA DA CORTA / SACAR / DEPÓSITO / CARGA / TRANSPORTE

Nome ou razón social	_____
NIF	_____
Enderezo	_____
Municipio e teléfono	_____
Persoa de contacto	_____
A empresa intervéen en	☐ Corta ☐ Sacar ☐ Depósito ☐ Carga ☐ Transporte ☐ Outras: _____

4. DATOS DA PARCELA OU MONTE AFECTADO

Lugar / Parroquia	_____
Referencia catastral	_____
Superficie da parcela	_____ m ²
Superficie aproximada afectada pola corta	_____ m ²
Clasificación urbanística segundo o PXOM, se se coñece	☐ Solo rústico ☐ Solo de núcleo rural ☐ Outro: _____
Propietario/a da parcela, se é distinto da persoa solicitante	Nome: _____ NIF: _____ Tel.: _____

5. DATOS DA MADEIRA OU APROVEITAMENTO

Especie ou especies obxecto da actuación	_____
Volume aproximado	_____ m ³
Toneladas aproximadas	_____ Tm
Tala sen aproveitamento madeireiro	☐ Si ☐ Non
Motivo, no seu caso	_____

6. TÍTULO HABILITANTE FORESTAL OU SECTORIAL

A persoa comunicante declara que, para a actuación indicada:

- ☐ Dispón de autorización forestal da Xunta de Galicia.
- ☐ Presentou declaración responsable ou comunicación ante o órgano forestal competente.
- ☐ Non resulta esixible título habilitante forestal, baixo a súa responsabilidade.
- ☐ Está pendente de presentación ou resolución.

Número de expediente ou referencia, se existe	_____
Outras autorizacións sectoriais, se proceden	☐ Augas ☐ Patrimonio cultural ☐ Estradas ☐ Costas ☐ Medio ambiente ☐ Outra: _____ ☐ Non procede

Advertencia: no caso de que resulte esixible autorización forestal, declaración responsable, comunicación ou calquera outro título habilitante sectorial, non poderán iniciarse os traballos ata que este se atope validamente presentado ou obtido, segundo proceda, baixo a responsabilidade da persoa comunicante.

7. DATA DE INICIO E DURACIÓN DOS TRABALLOS

Data prevista de inicio	____/____/____
Data prevista de remate	____/____/____
Duración estimada dos traballos	_____

8. VÍAS MUNICIPAIS QUE SE VAN UTILIZAR

Indicar os camiños, pistas ou vías municipais polos que se realizará a saca, carga ou transporte da madeira:

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____

Achégase plano ou croquis cos viais que se van utilizar: ☐ Si ☐ Non

9. LUGAR DE DEPÓSITO DA MADEIRA

Lugar previsto para o depósito temporal da madeira	_____ _____ _____
O depósito afecta a vía pública, cunetas, bueiros, pontes, canalizacións ou outras infraestruturas municipais	☐ Si ☐ Non
En caso afirmativo, describir a afección prevista	_____ _____ _____

10. MAQUINARIA E VEHÍCULOS QUE SE VAN UTILIZAR

Tipo de vehículo/maquinaria	Modelo	Matrícula	MMA/PMA	Empresa titular

11. EMPRESA TRANSPORTISTA, SE É DISTINTA DA EMPRESA ENCARGADA DA CORTA

Nome ou razón social	_____
NIF	_____
Enderezo	_____
Teléfono	_____
Data/s prevista/s de recollida da madeira	___/___/___ ___/___/___ ___/
Toneladas aproximadas que se van transportar	_____ Tm
A empresa transportista	☐ Queda incluída na fianza constituída pola empresa responsable da actuación. ☐ Constitúe fianza propia. ☐ Non procede.

12. FIANZA

De conformidade coa ordenanza municipal, constitúese a seguinte fianza para responder dos danos que se poidan causar no viario, camiños, cunetas, pontes, canalizacións, sinais ou demais bens municipais, así como dos gastos de limpeza ou retirada de restos:

- ☐ Fianza puntual para un único traballo: 4.000,00 euros.
☐ Fianza xenérica anual para múltiples actuacións: 8.000,00 euros.

Data de constitución: ___/___/___ Data de vencemento: ___/___/___

Número ou referencia da garantía: _____

Número de actuacións actualmente cubertas e pendentes de peche (máximo dúas): _____

Advertencia: a fianza xenérica anual non exime da presentación dunha comunicación previa por cada actuación e só poderá cubrir simultaneamente un máximo de dúas actuacións pendentes de peche.

Forma de constitución	☐ Ingreso en conta municipal ☐ Aval bancario ☐ Seguro de caución ☐ Outra forma admitida en dereito: _____
Xustificante da constitución da fianza	☐ Achégase ☐ Xa consta depositada no Concello

13. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- ☐ NIF da persoa solicitante.
☐ NIF da persoa representante, se é o caso.
☐ Documento acreditativo da representación, se procede.
☐ Título habilitante forestal, autorización, declaración responsable ou comunicación ante a Xunta de Galicia, cando resulte esixible.
☐ Autorización sectorial correspondente, se procede.
☐ Xustificante da constitución ou depósito da fianza.
☐ Plano ou croquis cos viais municipais que se van utilizar.

- ☐ Indicación da zona de depósito da madeira.
- ☐ Ficha ou certificación catastral da parcela ou parcelas afectadas.
- ☐ Reportaxe fotográfica do estado previo das vías municipais afectadas, se procede.
- ☐ Outra documentación: _____

14. DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA COMUNICANTE

A persoa abaixo asinante comunica ao Concello de Paderne a realización das operacións descritas neste formulario e declara baixo a súa responsabilidade:

1. Que son certos os datos consignados nesta comunicación previa municipal.
2. Que a actuación se realizará sen prexuízo da obtención das autorizacións, declaracións responsables, comunicacións ou demais títulos habilitantes que resulten esixibles perante a Administración autonómica ou outros organismos sectoriais competentes.
3. Que a presente comunicación previa municipal non substitúe nin exime da obtención da autorización forestal, declaración responsable ou calquera outro título habilitante que resulte esixible conforme á normativa de montes, incendios forestais, medio ambiente, patrimonio, augas, estradas ou calquera outra normativa sectorial aplicable.
4. Que se compromete a manter as vías municipais libres de ramas, podalla, barro ou calquera outro elemento que poida supoñer risco para os usuarios da vía.
5. Que se compromete á reparación inmediata dos danos que se poidan producir no viario municipal, camiños, pistas, cunetas, pontes, canalizacións, sinais ou demais bens municipais.
6. Que se compromete á retirada dos restos procedentes das operacións de depósito, carga e transporte de madeira.
7. Que coñece que a fianza constituída poderá responder dos danos causados, dos gastos de limpeza, retirada de restos ou reparación, sen prexuízo da obriga de aboar o exceso cando o importe dos danos sexa superior á garantía depositada.
8. Que coñece que, se resulta esixible título habilitante sectorial, os traballos non poderán iniciarse ata que este se atope validamente presentado ou obtido, segundo proceda.

15. LUGAR, DATA E SINATURA

En Paderne, a ____ de _____ de 20 ____.

Sinatura da persoa comunicante ou representante:

Nome e apelidos: _____

INFORMACIÓN MUNICIPAL

A presentación desta comunicación previa municipal non implica autorización forestal nin substitúe os títulos habilitantes que sexan competencia doutras Administracións públicas.

O Concello poderá comprobar o estado das vías municipais afectadas, requirir a emenda da documentación presentada, inspeccionar a actividade e esixir a reparación dos danos que se produzan no dominio público municipal.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable do tratamento: Concello de Paderne.

Finalidade: tramitación da comunicación previa municipal e exercicio das potestades municipais de comprobación, inspección, conservación do dominio público, reparación de danos e, de ser o caso, potestade sancionadora.

Base xurídica: cumprimento dunha obriga legal, exercicio de poderes públicos e competencias municipais en materia de conservación de bens e dominio público local.

Destinatarios: poderán comunicarse datos a outras Administracións públicas cando resulte necesario para a tramitación ou control da actuación e nos supostos previstos legalmente.

Dereitos: as persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e demais dereitos que procedan conforme á normativa de protección de datos.

Información adicional: poderá consultarse na sede electrónica ou dependencias municipais do Concello de Paderne.